 - Axilizar o conxunto do procedemento administrativo para que as persoas beneficiarias das axudas poidan estar en condicións de iniciar os traballos de limpeza, poda, desbroces, ..., antes do 15 de maio do ano correspondente á convocatoria, e rematados os traballos antes do 30 de xuño.
 - Mellorar o sistema de pagos para os traballos realizados.
 9. Reorganizar o dispositivo de prevención/extinción de incendios forestais para garantir a súa efectividade, concentrando progresivamente a responsabilidade no Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais. Reducir de xeito paulatino pero firme a contratación precaria.
 10. Por en marcha dependendo da Axencia Galega de Seguridade un programa de formación continua en materia de extinción de lumes forestais.
 11. Por en marcha unha campaña de concienciación sobre a importancia do cumprimento das normas de prevención e control de queimas; así como de difusión dos plans de emergencia para as persoas que habitan en zonas de risco.

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2017 18:20
Nº Rexistro: 20114

Data envío: 10/11/2017 18:20:00.977



■ **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/11/2017 18:04:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 10/11/2017 18:04:59

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

- #### 4. Proposiciones non de lei en Pleno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 14121(10/PNP-001164)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 13 más

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada

Publicación da iniciativa, 165, 30.08.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das deputadas e deputados Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxel Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, en relación á dignificación das pensións das persoas xubiladas anticipadamente con longas carreiras de cotización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O artigo 41 da Constitución Española configura un sistema de Seguridade Social de natureza pública, de contía suficiente en canto ao seu nivel de protección, de carácter universal e irregresivo.

Diversas normas pertencentes ao sector laboral e de seguridade social do ordenamento xurídico establecen sistemas de xubilación graduais e flexibles, posibilitándose a anticipación da mesma co correspondente quebranto económico que afecta aos xubilados e xubiladas anticipadas, contravíndose a natureza contributiva desta prestación, o dereito constitucional a unha pensión suficiente ao cumprirse a idade legal de xubilación e vulnerándose a irregresividade, que debe ser obxecto de especial consideración para os xubilados a partir dos 65 anos, nunha interpretación concorrente do citado artigo 41 da norma fundamental e o artigo 50 da mesma.

Debe considerarse que non todas as xubilacións anticipadas son de carácter voluntario. Pola contra, a maior porcentaxe das mesmas corresponde coa execución de plans de reconversión industrial que afectan a sectores maduros da nosa economía e que se fundamentan na aplicación de coeficientes redutores aos xubilados anticipados, coeficientes que deben ser obxecto de remoción no momento de alcanzar os mesmos a idade de 65 anos. Razóns de equidade e o cumprimento dos requisitos constitucionais indicados aconsellan modificar normas como a Lei Xeral de Seguridade Social, que produce un notable quebranto económico na pensión de xubilación que corresponde a partir dos 65 anos aos xubilados e xubiladas anticipadas.

En ningún caso a Seguridade Social debe obter beneficio polo feito de acceder á xubilación anticipada, como sucede na actualidade. Ademais, nas carreiras de longa cotización, a partir dos 35 anos cotizados deben reducirse os coeficientes redutores, ata a súa desaparición cando o afectado cotizase 40 ou máis anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que realice as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, nos casos nos que se accedeu á xubilación anticipada, no sentido de que se aplicará unha penalización inferior á que existe actualmente dos coeficientes redutores establecidos no artigo 208 da citada Lei, con 35 anos cotizados e unha redución progresiva dos mencionados coeficientes ata a súa desaparición total cunha cotización de 40 anos.



A modificación de Lei, a partir da súa entrada en vigor, será de aplicación aos e ás que se atopan penalizadas antes da promulgación da citada Lei e a futuros e futuras pensionistas.

Segundo.- Trasladar ao Goberno do Estado que para os efectos de acreditación do citado período de cotización efectiva, non se terá en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias e só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria co límite máximo dun ano.

Terceiro.- Trasladar ao Goberno do Estado que se realicen as modificacións necesarias na Lei Xeral da Seguridade Social, aprobada por Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, co fin de que nos casos de acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado nos que se apliquen coeficientes redutores por trimestre ou fracción de trimestre que lle falte ao traballador para cumplir a idade legal de xubilación, conforme ao disposto no artigo 208 do mesmo texto legal, deixen de aplicarse os coeficientes redutores desde o momento no que o pensionista cumpla a idade legal de xubilación.

Cuarto.- Trasladar ao Goberno do Estado que o previsto na presente proposición non de lei non se verá afectado polas cláusulas relativas á xubilación forzosa aprobadas por convenio colectivo e será de aplicación nos mesmos termos aos supostos de xubilación anticipada por causas non imputables ao traballador, previstos no artigo 207.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/08/2017 09:36:19



Luis Villares Naveira na data 10/08/2017 09:36:32

Carmen Santos Queiruga na data 10/08/2017 09:36:40

Antón Sánchez García na data 10/08/2017 09:36:47

Magdalena Barahona Martín na data 10/08/2017 09:36:55

Marcos Cal Ogando na data 10/08/2017 09:37:14

Francisco Casal Vidal na data 10/08/2017 09:37:21

Luca Chao Pérez na data 10/08/2017 09:37:36

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 10/08/2017 09:37:42

José Manuel Lago Peñas na data 10/08/2017 09:37:49

Juan José Merlo Lorenzo na data 10/08/2017 09:37:56

Paula Quinteiro Araújo na data 10/08/2017 09:38:03

David Rodríguez Estévez na data 10/08/2017 09:38:12

Eva Solla Fernández na data 10/08/2017 09:38:19

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 17218(10/PNP-001298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis
Manuel

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios
necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a
todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas
económicas de carácter público

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Concepción Burgo López** e do seu deputado **Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**

Exposición de motivos

Tres das cinco catedrais de Galicia, as de Mondoñedo, Ourense e Tui, están a cobrar entradas para poder visitar o edificio catedralicio. De balde tan só se pode entrar mentres se celebran oficios relixiosos e para asistir a eles, non para coñecer a catedral.

Todas elas recibiron no pasado, e están a recibir agora, substancialas achegas de diñeiro público para proceder a súa rehabilitación e restauración.

Nas de Mondoñedo e Ourense, a Consellería de Cultura está investindo máis dun millón de euros en cada unha, e a de Tui estase rehabilitando con achegas do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia.

Na páxina web da Consellería de Cultura dáse conta das obras a realizar en Mondoñedo e Tui, e se xustifican estas actuacións con estas palabras: “O obxectivo da actuación é promover a protección deste ben e potenciar a súa utilización como recurso, espazo e obxecto cultural, para o cal é preciso procurar a conservación adecuada e sustentable e preservalo para toda a humanidade. Perséguense a conservación do ben e aumentar o seu atractivo cultural, para potenciar ao tempo o seu interese público e a súa función e significación como fito cultural relevante dun amplio territorio.”

Se intenta preservar para o seu coñecemento e uso como ben cultural e para toda a humanidade, claro que tal como está a facer a igrexa, non



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

se preserva para toda a humanidade senón para a parte da humanidade que poda pagalo.

Estamos totalmente da acordo cas inversións feitas pola Consellería de Cultura ou outras administracións públicas para preservar o noso patrimonio cultural e artístico, tamén por suposto o da igrexa, dado que é a depositaria dunha importante cantidade de bens culturais, pero o que non se pode admitir é que unha vez que se rehabilita un ben con diñeiro público, é dicir, de toda a sociedade, este ben non sexa accesible a toda a cidadanía e se cobre por visitalo.

En algunas destas catedrais existe un servizo de audioguías que se pon como desculpa para cobrar a entrada. Por supuesto entendemos que por esos servicios, ou calquera outro que se ofreza aos visitantes, os cabidos catedralicios cobren unha cantidade, incluso pola entrada aos museos diocesanos, pero nunca pola visita ao edificio principal da catedral.

Por outra parte, hai que ter en conta que cobrando a entrada, os cabidos catedralicios están incumprindo o artigo 48 da lei 5/2016 do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que obriga a permitir visitar de balde calquera ben declarado BIC un mínimo de 4 días ao mes.

Consideramos que é inaceptable que se esté cobrando por coñecer bens que reciben cuantiosas inversións públicas como son estas catedrais, e máxime cando a Igrexa Católica disfruta de importantísimos privilexios económicos, como ser os únicos propietarios que non pagan o IBI.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:



■ Grupo Parlamentario

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer os medios necesarios para que toda a cidadanía poda entrar gratuitamente en todas as catedrais de Galicia que recibiron nalgún momento achegas de diñeiro público.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Axinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/09/2017 16:38:27

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/09/2017 16:38:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/09/2017 16:38:45

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 17688 (10/PNP-001320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 más

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017



PSG
PSOE

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A violencia de xénero é un problema de Estado e como tal, para lograr a súa erradicación, precísase dun gran **PACTO DE ESTADO**. Para ese efecto, o PSOE ao longo destes últimos anos veu reclamando xunto á sociedade civil e as organizacións de mulleres, un acordo social, político e institucional contra a violencia que se exerce cara ás mulleres e as súas fillas e fillos.

Garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, súas fillas/os, é un obxectivo prioritario para o Grupo Parlamentario Socialista, na confianza que tamén o debe ser para o conxunto dos grupos que conforman este Parlamento.

Unha sociedade non pode denominarse democrática se non garante a seguridade e a liberdade de máis do 50 % da súa poboación. E nesta responsabilidade os concellos, como institución máis próxima á cidadanía, teñen un compromiso ineludible.

O 28 de xullo de 2017, aprobáronse nas respectivas comisións parlamentarias de Igualdade, tanto no Congreso como no Senado, os documentos que recollían as propostas que ambas as Cámaras acordaron por unanimidade no Senado e por maioría no Congreso, para a elaboración dun Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

É importante indicar que as propostas destes documentos non recollen na súa integridade todas as iniciativas neste caso presentadas polo Grupo Socialista, senón que no pacto figurán aquelas que foron aceptadas por todos os grupos parlamentarios.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que estes acordos son necesarios, pero non suficientes e, por iso, seguiremos reivindicando máis avances nesta materia a través de distintas iniciativas tanto desde as Cortes Xerais, como desde os parlamentos autonómicos e os concellos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición no de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado:

1.- Que se acurten os prazos establecidos, dado que o pacto de estado contra a violencia de xénero significa loitar contra un gravísimo asunto que afecta á seguridade das mulleres como cidadás.

2.- Que poña en funcionamento as medidas adoptadas no pacto de estado contra a violencia de xénero, especialmente aquelas medidas que teñen que ver coas entidades locais e o papel que lles corresponde no ámbito da atención e protección das mulleres vítimas, as súas fillas e fillos.

3.- Que de maneira urgente active e traslade as partidas orzamentarias acordadas para a execución dos acordos do pacto, ao conxunto das administracións implicadas: comunidades e cidades autónomas, deputacións provinciais, cabidos insulares e concellos.

4.- Dar traslado desta proposición e a súa aprobación ao presidente do Goberno, á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como ao conxunto de ministerios implicados.

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Viloslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es



■ Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 11:00:15

María Dolores Toja Suárez na data 28/09/2017 11:00:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 11:00:32

Juan Manuel Díaz Viloslada na data 28/09/2017 11:00:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 11:00:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2017 11:00:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.4 19444(10/PNP-001438)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 más

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018 do cuadraxésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración

Publicación da iniciativa, 203, 31.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19444
Data envío: 26/10/2017 16:14:58.460

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouríño Villar, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

O próximo ano cumpliranse corenta anos desde aquel 6 de decembro de 1978, día en que o pobo español, cun 88% dos votos, deu o seu respaldo ao proxecto de Constitución aprobado polas Cortes Xerais, elixidas democraticamente o 15 de xuño de 1977, unha data digna tamén de recordo, homenaxe e recoñecemento. Con exemplar responsabilidade e sentido construtivo, os españois dotámonos dunha norma constitucional que proclama no seu artigo 1 o principio fundamental do noso sistema de convivencia política, ao afirmar que “España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”.

A etapa vivida no noso país ata chegar a ese 6 de decembro de 1978 constitúe, sen dúbida, unha das etapas más fascinantes da nosa Historia contemporánea e continúa sendo, a día de hoxe, referente e modelo para outros países que transitan dun réxime autoritario a unha democracia sólida, baseada no imperio da lei, a participación democrática, o pluralismo político e a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O amplio consenso entre as forzas políticas da época, tan dispares nas súas formulacións ideolóxicas previos, son a mellor proba da enorme xenerosidade de todos en aras a lograr o acordo, defender o ben común e superar os enfrentamentos do pasado, remando todos na mesma dirección, co fin de converter España nunha democracia moderna, recoñecendo ademais, o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas, tal como proclama o artigo 2.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19444

Data envío: 26/10/2017 16:14:58.460

Os esforzos por buscar puntos de confluencia e a capacidade de antepor o sentido de Estado ás lexitimas aspiracións dos partidos políticos deron como froito unha Constitución que permitiu a España consolidar o seu réxime democrático e progresar en todos os ámbitos: crecemento económico, desenvolvemento social, igualdade e pluralismo.

Corenta anos despois,eses acontecementos e a madurez democrática demostrada merecen o recoñecemento das institucións e aconsellan que desde o Parlamento de Galicia se impulsen e promovan aqueles actos de homenaxe que permitan aos españois en xeral, e aos galegos en particular, celebrar aquela data histórica de 1978 e transmitir ás xeracións futuras ese espírito de acordo.

Recreando aquel histórico consenso pretendemos alcanzar o maior acordo posible para divulgar o contido da Constitución e, en definitiva, render homenaxe a quien fixeron posible que baixo o paraugas do noso texto constitucional, España puidese superar enfrentamentos, dificultades e conflitos e que hoxe podamos presumir de ser unha das democracias más prósperas e asentadas da nosa contorna, e Galicia conta cunha autonomía política garantida constitucionalmente.

Por todo isto:

“ 1.- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado impulsar as medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, promovendo e apoio tanto actividades propias para tal fin como as que realicen as Cortes Xerais, institucións, organizacións, universidades e centros educativos, así como as asociacións que representen á sociedade civil en xeral.

2.- O Parlamento de Galicia manifesta a súa adhesión aos actos conmemorativos que están a promover e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, de acordo co acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 19444
Data envío: 26/10/2017 16:14:58,460

3.- A tal fin, O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das súas competencias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de todos os cidadáns, prestando especial atención ao recoñecemento constitucional de Galicia como nacionalidade histórica e titular do dereito ao autogoberno garantido na nosa norma fundamental.”

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/10/2017 16:10:49

Paula Prado Del Río na data 26/10/2017 16:11:03

María Isabel Novo Fariña na data 26/10/2017 16:11:17

César Manuel Fernández Gil na data 26/10/2017 16:11:30

Antonio Mourinho Villar na data 26/10/2017 16:11:35

Alberto Pazos Couñago na data 26/10/2017 16:11:58

María Julia Rodríguez Barreira na data 26/10/2017 16:12:17

Jacobo Moreira Ferro na data 26/10/2017 16:12:27

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.5 19565 (10/PNP-001447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 más

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación política en Cataluña é de máxima excepcionalidade. Non é un problema que afecte en exclusiva ao pobo catalán. Aféctanos a todas e a todos. A manifesta incapacidade do goberno español para acordar solucións políticas a un conflito que ten unha orixe tamén política é a causa dos feitos que nas últimas semanas se están a suceder en Cataluña. A diferenza do acontecido no seu día entre o Canadá co Quebec, do Reino Unido con Escocia ou o vindeiro ano de Dinamarca coas Illas Feroe, o estado español negouse de xeito sistemático a asumir o seu carácter plurinacional e a actuar en consecuencia.

O pobo catalán ven reivindicando historicamente, sempre de xeito cívico e pacífico, o seu lexítimo dereito a decidir libre e democraticamente o seu futuro, e como articular a súa relación cos pobos que hoxe e fan parte do Estado español. O exercicio deste dereito, internacionalmente recoñecido, non debe entenderse contra ningúen, senón como un elemento positivo e democratizador. Desde esta focaxe, as institucións non deberían procurar limitalo senón velar polo seu exercicio co máximos de garantías democráticas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pola contra, ao longo dos últimos meses, estamos a vivir un profundo proceso de involución democrática: efectivos da Guardia Civil perseguindo urnas, requisando propaganda ou entrando en imprentas, medios de comunicación ou sedes de partidos sen orde xudicial; imputación de 750 alcaldes e alcaldesas dos 914 que hai en Catalunya, o rexistro de sedes da Generalitat e a detención de responsables políticos e traballadores públicos así como sancións económicas, inhabilitacións e persecución de responsábeis políticos, institucionais, chegando incluso ao encadeamento dos presidentes de dunhas das entidades más importantes de Cataluña como o son Omnium Cultural e a ANC. Ademais asistimos a un sistemático atropelo de dereitos e liberades básicas como o de expresión, reunión ou manifestación coa suspensión preventiva de actos, a vulneración da confidencialidade da correspondencia ou a censura de portais webs e tamén a un uso partidista por parte do goberno español dos medios de comunicación públicos, que non están a cumplir cos máis elementais mínimos de pluralidade.

En definitiva, estamos a padecer a unha clara vulneración da separación de poderes e a unha clara instrumentalización partidaria da xustiza e os corpos e forzas de seguridade do estado mediante a aplicación dun estado de excepción non declarado que agora chega ao seu cumio coa decisión política do goberno español de emplegar o artigo 155 da Constitución española para intervir o goberno catalán o que –na práctica- supón a suspensión da autonomía de Cataluña e un auténtico golpe de estado contra a Democracia ao eliminar desde un despacho de Madrid ao lexítimo goberno de Cataluña elixido, libre e democraticamente, polo pobo catalán.

Este é un feito sen precedentes desde o inicio da Transición. Haberíase que remontar a 1939, para atopar un feito parecido, cando Francisco Franco disolveu a Generalitat. A aplicación do 155 é un profundo erro político e a constatación, más unha vez, do carácter autoritario do estado español e a súa nula intención de buscar unha



solución democrática e pactada que tome como base a vontade maioritaria do pobo catalán.

Para moitos xuristas, o tipo de aplicación do artigo 155 é claramente ilegal. Mais para alén do debate xurídico, o que é evidente é que é unha aberración en termos democráticos e unha mostra da involución, que nos afecta a todos e todas e que non vai rematar aquí. Todo apunta a que este proceso de involución democrática vai continuar. O Partido Popular, a través de varios dos seus dirixentes, xa están a pór enriba da mesa a posibilidade da modificación da Lei de Partidos e da Lei Electoral, para buscar a redución artificial da representatividade do conxunto de forzas nacionalistas de Cataluña, Euskadi e Galiza até o punto de propor serias restricións electorais e mesmo a súa ilegalización.

Fronte a todo o anterior, entendemos que é unha responsabilidade democrática sinalar esta situación, e polo tanto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución:

-Manifestar publicamente o rexeitamento e condena da criminalización e xudicialización, así como o recorte de dereitos e liberdades, que está a levar adiante o goberno español diante dun conflito político.

-Instar ao goberno español á inmediata suspensión da aplicación do artigo 155 da Constitución española e á aceptación dunha proceso de mediación internacional para buscar unha saída a este conflito, democrática, pacífica e baseada na vontade do pobo catalán.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Instar ao goberno español a asumir o dereito á autodeterminación como un elemento positivo e democrático e recoñecer o carácter nacional de Galiza, Euskadi e Cataluña e os dereitos que lle son consubstanciais como nacións.

-Apoiar publicamente a todas as persoas responsábeis políticas, traballadoras públicas ou integrantes de movementos sociais que están sendo investigadas e/ou encadeadas por promover o exercicio do dereito a decidir.

-Remarcar a defensa do autogoberno, e neste sentido, sinalar a necesidade de protexer a súa capacidade política e de exercicio de goberno. Reclamar que se respete a lexitimidade popular reflectida nos acordos destas institucións democraticamente electas.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2017 19:10:08

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2017 19:10:14

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2017 19:10:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2017 19:10:19

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2017 19:10:20

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2017 19:10:22

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.6 19594 (10/PNP-001452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 más

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Erradicar a violencia machista é un dos nosos principais retos como sociedade. Se ben é certo que nos últimos tempos fomos avanzando na visibilización de moitas violencias contra as mulleres, unha loita na que temos que agradecer o traballo mobilizador e concienciador fundamental do feminismo, queda moito por diante e xorden tamén novos retos, como por exemplo o impacto das tecnoloxías e as redes sociais na difusión e exercicio da violencia machista, con novas fórmulas a combater como o ciberacoso.

A violencia machista non entende de idade, e corresponde ás administracións públicas desenvolver as actuacións necesarias para eliminarla en todas as esferas da sociedade e neste traballo ten unha importancia significativa e particular a mocidade. Xa a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero facía mención á poboación xuvenil e á importancia das actuacións específicas na prevención e identificación de actitudes que constitúan actos de violencia de xénero así como a un ámbito fundamental para estas e outras intervencións: o ensino. O sistema educativo é unha peza fundamental no desenvolvemento da nosa mocidade e na súa formación non só en coñecementos, tamén en actitudes e valores. Por iso, é moi importante centrar os esforzos en que o profesorado teña as ferramentas precisas para educar en



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

igualdade e tamén para saber actuar e a que elementos acudir en caso de detectar unha situación de violencia.

O artigo 14 da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamiento integral da violencia de xénero* fai mención á Formación nas universidades e recolle “As administracións educativas e universidades, no ámbito das súas competencias, asegurarán que na totalidade dos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios en disciplinas que habiliten para o exercicio de profesións que teñan relación directa coa violencia de xénero se incorporen contidos relacionados coa comprensión desta violencia, dirixidos á capacitación para a prevención, detección precoz, intervención e/ou apoio ás mulleres que a sufren.”

Neste sentido, a xuízo do Bloque Nacionalista Galego é fundamentar blindar e mellorar a formación e capacitación do persoal docente, a comezar por aquelas persoas que están na súa formación inicial. Neste sentido, desde o curso 2009-2010 impártese no noso país o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, requisito imprescindible para que calquera persoa poida optar á función docente na Secundaria e Formación Profesional. Polo tanto, é unha formación específica que deberá incorporar contidos referentes á prevención, identificación, detección e intervención en situacions de violencia machista. Porén, é unha cuestión que na actualidade depende da vontade do profesorado da titulación ou ben das inquedanzas particulares das persoas que o cursen.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamiento integral da



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

violencia de xénero, levar a cabo as actuacións necesarias en colaboración coas universidades públicas galegas para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia machista no ámbito do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2017 13:22:30

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2017 13:22:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2017 13:22:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 13:24
Nº Rexistro: 19594

Data envío: 02/11/2017 13:24:15.075



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2017 13:22:44

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2017 13:22:46

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2017 13:22:53

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.7 19622(10/PNP-001454)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina
anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo,
posibles casos de corrupción no sector público galego

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a creación dunha oficina anticorrupción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción é un problema que ataca ás propias estruturas do Estado e a democracia. Un país que non persegue de forma clara e directa os casos de corrupción fai tambalear o futuro e progreso social. A corrupción non se combate so desde o sistema xudicial, senón que as administracións públicas tamén deben crear os mecanismos necesarios para evitar as irregularidades de certas persoas que levan a cabo un espolio sistemático do público.

Galicia non é inmune á lista de casos de corrupción que se producen no resto do Estado. Causas como a Pokemon, Patos, Pikachu, Campeón... son só algúns dos exemplos más coñecidos por todos os galegos e galegas. Sen embargo, as cifras mostradas polo xustiza galega indican que nos últimos cinco anos se investigaron máis de 1.000 causas relacionadas coa corrupción. Por desgraza, a escaseza de recursos cos que conta o sistema xudicial provoca demoras na instrución, algo que ameaza con deixar impunes a centos de investigados.

A Xunta de Galicia polo tanto, debe tomar unha posición proactiva e crear as súas propias ferramentas para loitar contra esta lacra, favorecendo por exemplo o anonimato daquelas persoas que denuncian casos de corrupción. En xullo de este ano, a Audiencia provincial de Lugo condenou ó alcalde de Palas de Rei e un dos seus concelleiros por un delito de prevaricación, ademais a sentenza recolle unha

pena de 15 meses de prisión por acoso laboral á traballadora pública que denunciou as irregularidades que se estaban a producir no concello. Esta situación reflexa que para favorecer que a xente denuncie casos de corrupción tamén necesita o anonimato, correspondendolle á administración autonómica a creación de un organismo que permita que funcionarios ou persoas individuais poidan denunciar prácticas ilegais no sistema público galego.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia á creación dunha oficina anticorrupción onde funcionarios ou persoas individuais poidan denunciar de forma anónima posibles casos de corrupción no sistema público galego.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 17:36:24

Luis Villares Naveira na data 02/11/2017 17:36:33

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

4.8 19744 (10/PNP-001465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 14 más

Sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas. (Procedemento de urxencia)

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, 207,
08.11.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2017 10:00
Nº Rexistro: 19744
Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marían García Miguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouríño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Diego Calvo Pouso e Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se manifeste canto antes sobre este tema.

Exposición de Motivos:

A violencia de xénero que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade más xusta e igualitaria.

Así, compete aos poderes públicos a loita para a prevención e erradicación de todas estas manifestacións de violencia, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sufren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2017 10:00
Nº Rexistro: 19744

Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

Resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero sendo as entidades locais un dos actores principais na loita contra a violencia machista pola súa proximidade á cidadanía. Polo que consideramos prioritario:

- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacións de maltrato.
- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a **seguinte Proposición non de Lei en Pleno polo trámite de urxencia:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a intensificar a colaboración cas entidades locais que integran a Rede de concellos en contra da violencia de xénero, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos e, procurar desenvolver convuntamente accións no ámbito da:

1. Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre a mocidade, desenvolveranse acción de carácter pedagóxico, educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos. A estes efectos, as campañas institucionais que se deseñen co gallo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero ou calquera outra campaña da Xunta de Galicia relativa á

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2017 10:00
Nº Rexistro: 19744

Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

prevención e loita contra a violencia de xénero, serán cedidas cando así o soliciten e sen custo algúin, a calquera das entidades locais integrantes da rede contra a violencia de xénero.

2. Información: Favoreceranse todas as vías de informacións sobre os recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero e realizarase, a través de todos os medios dispoñibles, a máxima difusión dos mesmos entre a poboación de todas as entidades integrantes da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero.
3. Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar tanto a profesionais como a persoal político municipal que dun xeito directo ou indirecto traballan na prevención e no tratamento da violencia de xénero e na atención ás vítimas desta violencia, deseñarase e poranse en marcha, accións formativas especificamente dirixidas ao tratamento e erradicación da violencia de xénero.
4. Asistencia ás vítimas: A través das e dos profesionais quer integren a rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, poranse a disposición das mulleres vítimas desta violencia que así o precisen, diferentes programas de asistencia e apoio, atención social, xurídica e psicolóxica, ferramentas para autoprotección e apoio aos menores expostos a situacóns de violencia se xénero, entre outras”.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/11/2017 18:20:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2017 10:00
Nº Rexistro: 19744

Data envío: 03/11/2017 18:35:54.030

María Ángeles García Míguez na data 03/11/2017 18:20:55

Paula Prado Del Río na data 03/11/2017 18:21:04

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/11/2017 18:21:16

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/11/2017 18:21:30

Marta Rodriguez Arias na data 03/11/2017 18:21:46

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/11/2017 18:22:20

María Soraya Salorio Porral na data 03/11/2017 18:22:40

Alberto Pazos Couñago na data 03/11/2017 18:22:51

César Manuel Fernández Gil na data 03/11/2017 18:23:18

Jacobo Moreira Ferro na data 03/11/2017 18:23:26

María Isabel Novo Fariña na data 03/11/2017 18:23:43

Antonio Mourinho Villar na data 03/11/2017 18:24:01

María Julia Rodriguez Barreira na data 03/11/2017 18:24:14

Diego Calvo Pouso na data 03/11/2017 18:24:34

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/11/2017 18:24:42

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

5. **Interpelacións**

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 18979(10/INT-000617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A sanidade galega ten un problema de persoal. A calidade dos e das profesionais está altamente contrastada, tanto polo bo exercicio das súas funcións como polo alto nivel formativo nas titulacións destinadas a elo. Non entanto, a xestión da política de recursos humanos tanto respecto dos/as profesionais xa inseridos no sistema, como da captación dos que están fóra, é manifestamente mellorable.

A sanidade galega é a terceira peor valorada pola cidadanía de entre todos os sistemas autonómicos de España. Un dos problemas máis sinalados son as esperas, que no caso dos datos oficiais xa amosa retrasos inaceptables. Isto provoca un problema de xestión eficiente no eido da atención hospitalaria, por dúas cuestións fundamentais. En primeiro lugar pola espera en si á que é sometido o doente, que supón a demora na atención de problemas de saúde que acompañan ás persoas demasiado tempo cando poderían ser solucionados con anterioridade de haber recursos para elo. Isto é unha mostra de perda de calidade asistencial. En segundo lugar, porque a acumulación de retrasos resulta, sistematicamente, nunha derivación de doentes cara a sanidade privada, en cumprimento dunha lei de dereitos e garantías sanitarias que naceu non para resolver este problema, senón para xustificar esta solución. Estas derivacións son cartos destinados, de maneira directa, da sanidade pública cara a privada para solucionar problemas que poderían ser solucionados no eido público. No ano 2015 a contía pagada por este servizo á sanidade privada se elevada ata os 208 millóns de euros, segundo informes do Consello de Contas.

No terreo da atención primaria, a calidade asistencial é sempre mellor recoñecida pola cidadanía. A pesares disto, recentemente comeza a percibirse a acumulación de esperas, en ocasións de varios días, para a atención polo facultativo de referencia no centro de saúde.

■ **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os problemas de saturación durante os picos asistenciais previsibles, como a chegada da gripe no inverno, ou por déficit recoñecido de persoal debido ás vacacións do persoal estatutario en verán, agranda o problema das demoras e acumulación de traballo e, por tanto, retrasos no sistema público.

A continuidade nas taxas de reposición limitadas ou nulas para a contratación no sistema público, adelgazou o volume de persoal no sistema sanitario. As cifras aportadas polos sindicatos falan de ata 7000 prazas de persoa presupostadas que non están cubertas. A solución actual do Goberno da Xunta de Galicia pasa pola contratación en condicións de temporalidade, eventualidade e máxima inestabilidade a persoal que cubra puntualmente as necesidades extremas. Esta solución non pode nin debe ser estrutural. Non entanto, o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea emitiu unha sentencia pola que considera que a concatenación sistemática de contratos temporais no sistema sanitario público en España é contraria ao dereito comunitario. Existe xurisprudencia en Galicia xa que recoñece que se cobren de maneira eventual postos de traballo que son estruturais.

No que toca ao persoal xa inserido no sistema de saúde, cabe lembrar que os representantes dos/das traballadoras veñen demandando do Goberno da Xunta de Galicia a apertura de mesas de diálogo para retomar as conversas destinadas a incorporar ao sistema de recursos humanos a carreira profesional e os acordos retributivos, paralizados dende o ano 2010 coa chegada de Núñez Feijóo á Presidencia da Xunta de Galicia. Estes acordos, asinados en 2008, pretendían igualar aos/as profesionais galegas á media salarial e de dereitos do conxunto de España. Paralizados dende 2010, a súa situación é de infravaloración e de moi baixo recoñecemento de dereitos e capacidades profesionais, especialmente na comparación co resto do Estado.

Ante unha situación desta excepcionalidade, tanto na eficiencia do gasto como na calidade da atención sanitaria, existen alternativas que pasan fundamentalmente pola incorporación de máis persoal ao sistema e a recuperación do diálogo para a mellora das condicións dos e das profesionais existentes. O Grupo Parlamentario Socialista presentou ao Parlamento de Galicia unha proposición non de lei, no Pleno do 21 e 22



■ Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

de marzo de 2017, que obtivo a aprobación por unanimidade da Cámara dalgúns dos puntos que, especificamente, instaban á Xunta de Galicia a solicitar a eliminación das taxas de reposición para os sistemas autonómicos de saúde, e a convocar unha Oferta Pública de Emprego de 1600 prazas no ano 2017. Non houbo maior actividade ao respecto por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera a Xunta de Galicia que é aceptable a situación do persoal sanitario do Sergas en termos de cantidade e calidade do seu traballo?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia convocar a OPE de Sanidade de 2017 nos termos que foi aprobada a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia?
3. Considera a Xunta de Galicia necesario atender ás demandas dos e das representantes dos e das traballadoras de retomar os acordos retributivos paralizados en 2010?

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 13:55:22

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2017 13:55:29

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

5.2 19022(10/INT-000620)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 4 más

Sobre o sector conserveiro e o emprego no mesmo

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:49
Nº Rexistro: 19022
Data envío: 18/10/2017 17:49:41.474



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan Merlo Lorenzo e Luís Villares Naveira, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**, sobre o peche da Conserveira Esteiro SU.

A Conserveira Esteiro SU atópase na actualidade nun punto crítico que ameaza a centos de traballadores e a economía de toda unha comarca, con todas as súas implicacións para o futuro da cidadanía da mesma.

A dirección de Calvo pretende pechar a súa factoría que mantén en Esteiro e trasladar a maior parte dos traballadores e traballadoras a outra factoría que ten a empresa en Carballo. Mais este traslado convértese, debido á idade dos traballadores e a distancia entre as dúas factorías, nunha perda da maioría dos postos de traballo. Desta forma este peche implicaría a perda de case 300 postos de traballo na comarca. Tendo en conta que ademais a maioría do emprego afecta ás mulleres, as consecuencias sociais e económicas para Esteiro e a súa contorna intensificáñanse considerablemente.

Por outra banda, estamos a tratar un sector que é dos mais relevantes da economía galega, dos máis vinculados ao territorio e dos que recibe maiores apoios do goberno de Galicia, especialmente no eido da internacionalización. Desta forma o que está a acontecer na factoría de Esteiro ameaza a imaxe de todo un sector así coma tamén pon en entredito a política de axudas e subvencións a empresas que mantén a actual Xunta de Galicia.



Polo exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Interpelación á Xunta de Galicia.

- Ten a Xunta analizado o impacto que ten no sector conserveiro, un dos mais importantes na economía galega, o peche da factoría de Esteiro e súa correspondente implicación na perda de emprego na comarca?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García
Francisco Casal Vidal
Manuel Lago Peñas
Juan Merlo Lorenzo
Luís Villares Naveira
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/10/2017 17:48:13

Francisco Casal Vidal na data 18/10/2017 17:48:23

José Manuel Lago Peñas na data 18/10/2017 17:48:33



Juan José Merlo Lorenzo na data 18/10/2017 17:48:43

Luis Villares Naveira na data 18/10/2017 17:48:54



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
**Data asento: 18/10/2017 17:49
Nº Rexistro: 19022**

Data envío: 18/10/2017 17:49:41.474

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

5.3 19254(10/INT-000637)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás
emerxencias

Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Diferentes colectivos de traballadoras e traballadores e asociacións profesionais do ámbito das Emerxencias en Galicia, levan tempo denunciando as graves carencias na xestión e organización diaria das Emerxencias.

Denuncian a falta de actualización do mapa dos servizos de intervención, a arbitrariedade na cobertura xeográfica dos recursos, a existencia dun desequilibrio territorial na protección da cidadanía, así como a falta de verdadeiros criterios técnicos na mobilización de medios.

Todas estas carencias provocan unha improvisación constante que aumenta as posibilidades de actuacións neglixentes.

Uns servizos e medios postos en mans privadas que responden máis a criterios económicos que á finalidade fundamental de protección da vida que deben ter as emerxencias.

Un exemplo son problemas do 112, que por unha decisión política que carecía de argumentación técnica, foi trasladado á nova Central da Estrada, cunha plataforma informática que a día de hoxe segue a dar fallos graves que provocan importantes colas de espera nas chamadas.

A situación vivida durante os lumes que asolaron o noso territorio, foi unha posta total en evidencia de todas as eivas denunciadas.



O presidente da Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia, nunha entrevista publicada con posterioridade ao acontecido cos lumes, viña a denunciar novamente tanto a falta de coordinación e planificación dos recursos como a saturación vivida no 112 durante esta xornada. Ademais, insistía na falta de activación na práctica dos medios humanos e técnicos, cunha estrutura mal deseñada e atomizada que colapsa poñendo en risco a vida da cidadanía e dos profesionais.

Problemas dunha gravidade importantísima que non están a ser assumidos por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte INTERPELACIÓN:

- 1) Como é posible que tras case un ano de denuncias dos traballadores e traballadoras do 112 polos colapsos da plataforma dende o Goberno non tomaran ningún tipo de medida para solucionar este problema?
- 2) Cal é o criterio do Goberno para ter unha estrutura cos medios atomizados que ante situacóns como a vivida colapse?
- 3) En todos estes de avisos das e dos profesionais que medidas levaron a cabo para solucionar as eivas denunciadas?
- 4) Que explicación ten o Goberno ante a falta de medios que denuncian as e os profesionais no ámbito das emerxencias?
- 5) Que explicación ten o Goberno ante a falta de planificación de recursos que denuncian as e os profesionais?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2017 10:17
Nº Rexistro: 19254
Data envío: 23/10/2017 10:17:46.761

6) Pensa o Goberno asumir algún tipo de responsabilidade?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/10/2017 10:16:38

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6.1 20180(10/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cumprimento da normativa vixente na loita contra o
terrorismo machista



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Considera que o seu goberno cumpre a lei na loita contra o terrorismo machista?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2017 13:36:22

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6.2 20196(10/POPX-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación da política desenvolvida polo Goberno
galego en materia de reforma de estruturas forestais



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 20196
Data envío: 13/11/2017 16:21:16.622



■ Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que avaliación fai da súa política de reforma de estruturas agroforestais despois de 8 anos?

Pazo do Parlamento, 13 de novembro de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/11/2017 16:20:17

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

6.3 20202(10/POPX-000060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns da incapacidade das políticas da Xunta de Galicia para trasladar o incremento nominal do PIB galego á diminución da desigualdade social e a precariedade ou a mellora dos servizos públicos



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 20202
Data envío: 13/11/2017 17:28:29.966



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Por que as políticas do seu goberno son incapaces de trasladar o incremento nominal do PIB galego á redución da desigualdade social, á precariedade ou á mellora dos servizos públicos?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/11/2017 17:27:03

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 18046 (10/POP-002196)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 3 más

Sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para previr e erradicar os asasinatos de mulleres a consecuencia da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017

Á Mesa do Parlamento

Paula Quinteiro Araújo, Paula Vázquez Verao, Magdalena Barahona Martín e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

As violencias machistas son múltiples e adoptan moitas formas, mais a súa expresión más cruenta son os asasinatos. Na actualidade os datos amósannos o lonxe que estamos de erradicar esta lacra.

As oito mulleres asasinadas no ano 2015 sitúan a Galicia como a Comunidade Autónoma con maior taxa de feminicidios a nivel do Estado español en relación ao número de poboación.

Segundo os datos do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, en Galicia foron asasinadas por violencia machista oito mulleres: unha na Coruña, unha en Ourense e seis na provincia de Pontevedra.

Ademais, dende abril do ano 2014 ata xullo deste ano, o noso País acolleu 19 xuízos por asasinatos, sendo a metade casos de violencia machista. En total, os crimes por violencia machista xulgados neste período cobraronse 12 vítimas, e en todos estes xuízos os acusados foron condenados.

O noso País sitúase como unha das Comunidades Autónomas con menor porcentaxe de xulgados especializados de violencia sobre a muller, con só dous xulgados exclusivos, o 4,4%.

Segundo o IX Informe Anual do “Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer 2015”, entre 2003 e 2015 producíronse en Galicia 49 asasinatos machistas.



Ademais, no ano 2015, o noso país sitúase como a Comunidade Autónoma con maior taxa de feminicidios en relación á poboación.

En 2016 foron tres as vítimas mortais, ás que se engade unha muller máis no que levamos de 2017.

Cómpre sinalar que a provincia de Pontevedra se coloca por riba da media estatal en todo o período 2003 – 2015 (3,8), chegando a unha taxa de 14/1.000.000 no ano 2015.

Resulta imprescindible garantir a protección das mulleres pondo en marcha máis medidas dotadas orzamentariamente, xa que, as cifras amosan que, 10 anos despois da aprobación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a súa efectividade dista de ser completa. Moitas mulleres seguen estando nunha situación de desprotección, denunciantes ou non, ante os seus agresores.

Por todo o anterior, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas está pondo en marcha para previr e erradicar estas situacións?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2017 10:59
Nº Rexistro: 18046
Data envío: 03/10/2017 10:59:33.431



Paula Quinteiro Araújo na data 03/10/2017 10:56:02

Paula Vázquez Verao na data 03/10/2017 10:56:12

Magdalena Barahona Martín na data 03/10/2017 10:56:15

Marcos Cal Ogando na data 03/10/2017 10:56:25

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.2 19304(10/POP-002304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 más

Sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega

Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Ánxel Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Xefe de Redacción da Radio pública Galega, Luís Ojea, escribe un artigo no xornal ABC titulado “*Carroñeros de la desolación*”, publicado o luns, 23 de outubro de 2017, un día despois de que miles de persoas se manifestaran polas rúas de Compostela esixindo responsabilidades políticas pola deficiente xestión dos incendios e contra as políticas depredadoras do PP.

No artigo, Luís Ojea, emprega descualificacións e xuízos de valor intolerables para referirse aos colectivos convocantes da manifestación como “caverna”, “gentuza”, “tropa” ou “inframundo” ou “carroña”: “*No nos engañemos. A esta tropa no le importa el monte gallego ni que haya incendiarios que lo quemen. Lo único que les preocupa es la conflictividad social, alimentar su estrategia de movilización permanente en la calle. La democracia representativa les aburre. Y cualquier excusa es buena para la algarada contra el sistema*”, recolle o xefe de redacción da Radio pública galega no artigo de opinión.

Tamén di rexeitar as posicións partidarias e “*con réditos electoralistas*”, mentres bota man do argumentario do PP para falar de “*terrorismo incendiario*”. “*Mientras Galicia luchaba contra la peor ola de terrorismo incendiario de la última década, ese inframundo andaba echando cuentas del rédito político que le podían sacar a la catástrofe*”, di o señor Ojea.

Non é a primeira vez que o Xefe de Redacción da Radio Pública Galega emprega



este estilo insolente e irrespectuoso, fundamentalmente, contra as forzas políticas de esquerda e os seus representantes ou coma, neste caso, cos movementos sociais que son críticos co partido no Goberno. Hai exemplos constantes de artigos neste sentido, como son “Que tropa!” (agosto de 2017) dedicado ao PsdeG cos mesmos descalificativos de “tropa” ou “banda”; ou “A ver si nos enteramos” (febreiro de 2016) no que tilda a Xosé Manuel Beiras de “prepotente “con ego “hipertrofiado” e demais desprezos.

Polo exposto, os deputados que subsciben presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Considera o Goberno galego que esta persoa está en condicións de exercer con imparcialidade as súas funcións como Xefe de Redacción da Radio Pública Galega?

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/10/2017 17:54:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/10/2017 17:54:44

Paula Vázquez Verao na data 23/10/2017 17:54:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2017 17:59
Nº Rexistro: 19304

Data envío: 23/10/2017 17:59:52,507

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 20200(10/PUP-000120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 más

Sobre a colaboración que está a ofrecer a Xunta de Galicia as entidades locais para a celebración o 25 de novembro do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, co fin de acadar unha maior efectividade dos recursos nos ámbitos da sensibilización, da prevención e da asistencia ás vítimas



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20200
Data envío: 13/11/2017 17:01:52.997

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marián García Míguez, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouríño Villar, Alberto Pazos Couñago e Julia Rodríguez Barreira, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno, polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola cercanía do día 25 de novembro como Día Internacional Contra a Violencia de Género.

Exposición de motivos:

A violencia de xénero é a manifestación máis extrema das desigualdades que existen entre homes e mulleres e por iso é preciso que as Administracións Públicas poñan todos os esforzos na educación, na prevención e na erradicación de calquera forma de violencia contra as mulleres.

Corresponde aos poderes públicos a articulación de medidas de sensibilización, prevención, atención e protección ás mulleres vítimas, sendo os Concellos a administración máis achegada á cidadanía e por tanto un dos actores principais contra a violencia machista.

Para este ano 2017, a Xunta de Galicia ten feito o esforzo de deseñar unha campaña de sensibilización con motivo da celebración o 25 de novembro do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller que puidera ser compartida polas entidades locais, moitas delas sen capacidade para articular campañas propias. Porén, temos visto nos medios de comunicación como determinadas forzas políticas que gobernan en diversos concellos de Galicia expresaron o seu rexeitamento a esa iniciativa.

Polo exposto, o os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral en Pleno polo trámite de urxencia:**

-Cal é a colaboración que a Xunta de Galicia está a ofrecer ás entidades locais, de cara a este próximo 25 de novembro, co fin de conquetar unha maior efectividade dos recursos tanto dende a sensibilización, como da prevención, como de asistencia ás vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20200
Data envío: 13/11/2017 17:01:52.997

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 13/11/2017 16:58:19

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/11/2017 16:58:35

César Manuel Fernández Gil na data 13/11/2017 16:59:44

Antonio Mourinho Villar na data 13/11/2017 16:59:49

María Isabel Novo Fariña na data 13/11/2017 17:00:06

Alberto Pazos Couñago na data 13/11/2017 17:00:16

Jacobo Moreira Ferro na data 13/11/2017 17:00:26

María Julia Rodriguez Barreira na data 13/11/2017 17:00:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.4 20201(10/PUP-000121)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 más

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a retirada da campaña publicitaria titulada "O máis grande de Galicia non se maltrata"

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxelos Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Manuel Lago Peñas, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á campaña publicitaria da Xunta de Galicia.

Xustificación da Urxencia.

A campaña publicitaria institucional da Xunta para o 25 de novembro día internacional contra as violencias machistas é un absoluto despropósito.

A Campaña co lema “O más grande de Galicia non se maltrata” afonda nunha visión retrógrada e paternalista da muller por parte do Goberno, coloca as mulleres como meros obxectos, igualándoas ao patrimonio nos lemas e nas imaxes.

Entendemos que non é so unha decisión desafortunada, se non unha mostra do enorme camiño que queda por facer en prol da igualdade, a campaña traslada esencias do patriarcado como a asimilación pola mesma das mulleres como incapaces de ser suxeitos activos, ou a equiparación co patrimonio, as mulleres non somos patrimonio de ninguén.



Unha vez máis demóstrase a necesidade de mellorar os mecanismos de control da Xunta para estas campañas, achegando estes aos colectivos ou responsables que permitan un maior grado de empatía cos obxectivos perseguidos, non podemos esquecer o acontecido coa campaña de turismo que tivo que ser retirada apenas fai uns días.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno, con carácter urgente:**

- Canto vai tardar o goberno en retirar a campaña do 25 de novembro?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017.

Asinado digitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/11/2017 17:24:59

Antón Sánchez García na data 13/11/2017 17:25:08

Carmen Santos Queiruga na data 13/11/2017 17:25:16

Paula Vázquez Verao na data 13/11/2017 17:25:24

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/11/2017 17:25:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/11/2017 17:25:35

Eva Solla Fernández na data 13/11/2017 17:25:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 20201
Data envío: 13/11/2017 17:28:11.528



Luca Chao Pérez na data 13/11/2017 17:25:43

Paula Quinteiro Araújo na data 13/11/2017 17:25:46

Magdalena Barahona Martín na data 13/11/2017 17:25:50

José Manuel Lago Peñas na data 13/11/2017 17:25:54

Francisco Casal Vidal na data 13/11/2017 17:25:58

David Rodríguez Estévez na data 13/11/2017 17:26:02

Marcos Cal Ogando na data 13/11/2017 17:26:05

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.5 18668(10/POP-002250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 más

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da redacción
do proxecto e avaliación ambiental do alongamento do acceso
ao porto seco de Monforte ata a N-120

Publicación da iniciativa, 195, 18.10.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18668
Data envío: 11/10/2017 14:16:33.591

Á Mesa do Parlamento

Maria Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-carpega, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**.

O Porto Seco de Monforte naceu coa vocación de ser un revulsivo que revitalizaría a economía da Terra de Lemos. Unha gran plataforma loxística avalada pola súa estratéxica ubicación ferroviaria e a súa situación equidistante respecto aos principais portos e aeroportos de Galicia.

Un proxecto de grande envergadura que se viu truncado polos cambios de goberno producidos a nivel local e nacional no ano 2003, e autonómico no ano 2005.

O convenio que daba saída ao Porto Seco firmouse no ano 2000, pero non foi ata o ano 2010, que o actual Goberno da Xunta lle deu o impulso necesario, acometendo as obras de urbanización e, posteriormente, as do acceso coa LU-933, a pesares da situación de crise que estabamos a vivir.

A Xunta de Galicia ten feito un grande esforzo, investindo máis de 13 M€ nos terreos, traballos técnicos e urbanización do Porto Seco. Posteriormente, acometeu a construcción da súa conexión coa estrada LU-933, cun orzamento de máis de 5,3 M€, e está a tramitar a conexión coa N-120.

Esta conexión ten gran relevancia, pois permitirá conectar o Porto Seco cunha estrada nacional, un elemento moi importante para favorecer a implantación de empresas nesta plataforma.

Está en tramitación a redacción do proxecto da conexión coa N-120, e dada a importancia deste acceso, interesa coñecer o estado desa tramitación, polo que formulamos a seguinte Pregunta Oral en Pleno:

-Cales son as previsións respecto da redacción do proxecto e a avaliación ambiental da prolongación do acceso ao porto seco de Monforte ata a N-120?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18668
Data envío: 11/10/2017 14:16:33.591

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 11/10/2017 14:04:34

Martín Fernández Prado na data 11/10/2017 14:04:56

Jaime Castiñeira Broz na data 11/10/2017 14:05:16

Jacobo Moreira Ferro na data 11/10/2017 14:05:25

Marta Novoa Iglesias na data 11/10/2017 14:05:44

Gonzalo Trenor López na data 11/10/2017 14:05:57

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 11/10/2017 14:06:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.6 19527(10/POP-002329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 más

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilá Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo a OMS, a lactancia materna reduce a mortalidade infantil, promove o desenvolvimento sensorial e cognitivo do bebé e protéxe de enfermidades infecciosas e crónicas. Tamén é beneficiosa para a nai, contribuíndo á súa saúde e benestar, pois diminúe o risco de cancro ovárico e mamario.

Lamentablemente, os responsables do Hospital Provincial de Pontevedra semella non concordar coa OMS. Só fai falla ver as instalacións da sala de lactantes, cun berce “decimonónico” e cunha “cadeira de tortura” para as nais. Nestes días, unha familia pontevedresa cun bebé dun mes ten presentado unha queixa no Servizo de Atención ao Paciente. O neno ingresaba o día 20 de outubro e, como nos primeiros días de ingreso a área de lactantes estaba pechada, estiveron na zona de pediatría para nenos maiores de 2 anos. Cando se produciu o cambio, descubriron a realidade infrahumana da área de lactancia.

O Sergas non da solución e a tan prometida reforma do centro por parte do Goberno galego non recibirá nin un céntimo nos vindeiros orzamentos para 2018.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai habilitar o Goberno galego unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de 2018 para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 27 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2017 10:49
Nº Rexistro: 19527
Data envío: 30/10/2017 10:49:51,304



■ **Grupo Parlamentario**

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/10/2017 10:44:26

María Luisa Pierres López na data 30/10/2017 10:44:33

Noela Blanco Rodríguez na data 30/10/2017 10:44:37

Julio Torrado Quintela na data 30/10/2017 10:44:42

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.7 17351(10/POP-002149)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 más

Sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación extrema de seca que padece o sector primario de Ourense

Publicación da iniciativa, 187, 05.10.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O presente ano 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego, especialmente ao interior de Ourense e aos concellos limítrofes de Lugo. Desde importantes danos coa xeadas da primavera até a saraibada de finais de agosto. A estes fenómenos súmase unha importante seca que está a ter consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións, como tamén importantes consecuencias sobre a produción agrogandeira.

Desde hai semanas, numerosas persoas que viven do sector levan desenvolvendo concentracións no concello de Viana do Bolo ás que acoden gandeiros e gandeiras dos concellos de arredor, como A Gudiña, A Mezquita ou Chandrex de Queixa. Desenvolven este tipo de actuacións desde comezos de setembro diante da absoluta inacción por parte da Xunta de Galiza e máis concretamente da Consellaría de Medio Rural.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas, fundamentalmente minorando a cantidade e variedade de alimento para o gando, mais afectando tamén de forma considerábel á produción de castaña e tamén á produción de mel, dous sectores que arrastran as perdas tamén derivadas dos lumes e mais da perda de masa vexetal por mor das xeadas, especialmente a do mes de abril.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17351
Data envío: 25/09/2017 12:15:18.862



BLOQUE
NACIONALISTA
GÁLICO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén destas cuestións, cómpre engadir a falta de chuvia e unha longa seca que deixou baixadas históricas dos caudais da zona. Ata tal punto, que desde hai meses pode volver verse á entrada do concello de Viana do Bolo a antiga fábrica da luz polo baixo que corre o caudal do río. Este estado de seca ten consecuencias negativas ao ter almacenado moito menos alimento para o gando do habitual, estando as e os gandeiros a usar xa a reserva de inverno. Ademais, en moitos casos denuncian dificultades enormes para localizar auga para dar de beber aos animais, o que ten derivado en situacións de extremo risco. Neste contexto, a Consellería de Medio Rural permitiu utilizar as balsas e puntos de carga para os dispositivos de extinción de incendios. Porén, segundo denuncian, na súa maioría están tamén secos e non se cumpre co seu recheo.

As consecuencias poden verse no curto prazo, no extremo destas situacións e en perdas de até o 80% na producción de mel e castaña. Mais tamén se verán a medio prazo, xa que as xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de minguar a producción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Uns ingreso que tamén implican rendas complementarias moi importantes para sostener a economía das veciñas e veciños de Viana dos concellos (caso por exemplo, da castaña, que é un complemento para moitos fogares). Ademais, tamén poden ter repercusións negativas no tecido laboral dunha zona xa moi castigada polas dificultades para a fixación de poboación.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas específicas vai adoptar o goberno galego diante da situación extrema de seca que sofre o sector primario ourensán?



BLOQUE
NACIONALISTA
GÁLICO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17351
Data envío: 25/09/2017 12:15:18.862

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 12:09:29

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 12:09:34

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 12:09:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 12:09:37

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 12:09:38

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 12:09:40

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 21.11.2017 Hora: 10:00
Orde do día

7.8 20177(10/PUP-000118)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa contratación dos helicópteros para a loita contra incendios das campañas de 2011, 2012 e 2013



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Partido dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urgente para o seu debate en Pleno.

Xustificación da urgencia. A urgencia vén motivada pola necesidade dunha explicación urgente por parte do Goberno galego ante a gravidade dos feitos relacionados coa adjudicación do contrato dos helicópteros antiincendios das campañas 2011, 2012 e 2013, que implica que varios cargos da Xunta sexan investigados.

As noticias aparecidas nos últimos días nos medios de comunicación sobre a contratación de helicópteros antiincendios, deixánnos perplexos ante unha situación que nos resulta difícil de entender tal e como se conta nas informacóns públicas. Por unha banda, a Fiscalía explica que Medio Rural elaborou en maio de 2012 unha memoria que daba inicio ao expediente da contratación dos helicópteros antiincendios e as súas brigadas cun orzamento de máis de 25 millóns de euros. O Ministerio público asegura que non consta a tramitación de ningún expediente administrativo e, por outra banda, o Presidente da Xunta di que “cremos que as cousas se fixeron correctas, ou iso é o que di a Asesoría Xurídica”. Estamos diante duns feitos parece que extraordinarios segundo a propria Xunta, curiosamente, esta improvisación estase a dar nunha comunitade que encabeza o ranking anual do rexistro de incendios.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego diante destes feitos?

Pazo do Parlamento, 10 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 13/11/2017 13:24:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es



■ Grupo Parlamentario



Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/11/2017 13:24:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento

Día: 21.11.2017 Hora: 10:00

Orde do día

7.9 20199(10/PUP-000119)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 más

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía dunha protección suficiente das costas de Galicia fronte a unha situación similar á catástrofe do Prestige coas actuacións levadas a cabo desde hai quince anos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

Xustificación da urxencia

O trece de novembro fai quince anos do inicio da catástrofe do Prestige. Tres lustros despois Galiza está en peores condicións para afrontar unha catástrofe similar porque, lonxe de adoptar as medidas prometidas e necesarias, tanto desde Madrid como desde a Xunta levouse a cabo unha privatización progresiva do servizo de salvamento e de loita contra a contaminación mariña. O PP aposta por facer negocio coa seguridade da nosa costa e da xente do mar.

En 2005 a Xunta tomou a decisión de privatizar a xestión dos catro buques maiores cos que conta o Servizo de Gardacostas á empresa Remolcanosa.

No ano 2012 o Goberno do PP procedeu á venda dous helicópteros de salvamento pola metade dos 27M€ que custaron en 2005, á empresa INAER, que recentemente ven de renovar.

Neste contexto, veñen de saltar as alarmas ao coñecerse a imputación do director xeral de Ordenación Forestal da Xunta, Tomás Fernández-Couto, por presuntas irregularidades na contratación de helicópteros para a loita contra o lume a INAER, precisamente a mesma empresa á que se lle ten adxudicado o Servizo de Busca e



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 16:39
Nº Rexistro: 20199
Data envío: 13/11/2017 16:39:40.622



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Salvamento Mariño.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través dos deputados e deputadas asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Considera o Goberno galego que desde a catástrofe do Prestige, hai quince anos, as accións que realizou garanten unha protección suficiente das nosas costas fronte a unha situación similar?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2017 16:39
Nº Rexistro: 20199

Data envío: 13/11/2017 16:39:40.622



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 13/11/2017 16:38:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/11/2017 16:39:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/11/2017 16:39:05

Noa Presas Bergantiños na data 13/11/2017 16:39:10

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2017 16:39:14

Olalla Rodil Fernández na data 13/11/2017 16:39:16